Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 142. Novembro 2017. Distribución gratuíta

Ríos sen caudal e encoros ao 40% da súa capacidade por mor da seca

A seca en Galicia está a deixar instantáneas inimaxinables. Ríos e regatos completamente secos e encoros ao 40% da súa capacidade son as consecuencias deste fenómeno que cada vez se repite con maior frecuencia e se prolonga máis no tempo. Veciños de Visantoña non lembran un caudal tan baixo no encoro de Portodemouros nesta época do ano. Preocupa a falta de chuvia e, de seguir así, a falta de alimento para o gando. P16



O polígono de Melide, completamente ás escuras



O PSOE de Melide denuncia o abandono que sofre o parque empresarial e reclama medidas ante o escaso solo industrial dispoñible para futuras empresas. P7

Queimada popular e grandes descontos para o *Black Friday*



Asetem organiza o seu primeiro *Black Friday* con descontos de ata o 40%, animación na rúa e unha queimada popular no Cantón de San Roque. P3

EMPRESA

Asetem analiza as necesidades dos empresarios co presidente da Deputación P4

COMARCA

Máis de 225.000 euros para o arranxo de beirarrúas en Toques P13

CULTURA

Xesús Ferreiro e Javier Anido, a polo campionato europeo de Históricos P18

ENTREVISTA



Saturno Fernández e Dora Rosa, Parrillada O Carburo P23

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Tod@s somos grandes

Un ano máis o 25 de novembro conmemórase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Estaría ben que algún ano se conmemorase o fin desta violencia; unha violencia que por certo debería ser tratada como terrorismo.

Dá a sensación de que todo se está a converter nunha mera estatística: un ano máis, un 25 de novembro máis, unha muller asasinada máis, un minuto de silencio máis... e de novo, outra campaña. Non sabemos se a organizada pola Xunta de Galicia este ano é a máis acertada en termos de discriminación positiva, pois homes e mulleres son igual de grandes, ou así debería ser se tratamos de loitar pola igualdade.

Deixando a un lado as campañas, é necesario incidir na busca de solucións. Á vista está que as medidas implantadas non serven de nada. As ordes de afastamento fallan, a formación do persoal da administración en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero non dá resultados, a comunicación entre institucións é escasa, e en moitas ocasións as vítimas non dispoñen da axuda necesaria para deixar atrás o maltrato.

Ata hai pouco albiscábase un raio de esperanza na educación, pero pouco a pouco vaise apagando. Palabras como sensibilizar e concienciar soan ben, pero isto xa vai máis alá da educación. Require penas e sancións a outro nivel. Non pode ser que unha muller que denuncia malos tratos en numerosas ocasións acabe perdendo a vida. E así unha tras outra, igual que as campañas. Deixemos as estatísticas a un lado e centrémonos en cambiar esta situción. Fan falta recursos e sobre todo un compromiso firme por parte das institucións. Non campañas de conmemoración.



Tribuna de opinión

Paradise papers

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Unha nova filtración masiva de documentos (oportuna, hai que dicilo), dada a coñecer polo Consorcio Internacional de Periodistas de Investigación, vén de poñer o foco sobre os paraísos fiscais de novo. Os *Papeles do Paraíso* deixan ao descuberto a magnitude do desfalco e do roubo ao que nos vemos sometidos os cidadáns de a pé. E dicimos ROUBO porque ás cousas hai que chamalas polo seu nome. Iso si, todo ante a pasividade dun Goberno cómplice e consentidor ao que non lle interesa investigar nin sancionar esta conduta porque tamén están metidos no allo. E mentres, políticos, artistas, deportistas, xente que debería ser abandeirada duns valores exemplares... roubando. Pero non esquezamos o máis importante, se o fan é porque a lei os ampara. Esa mesma lei que desafiuza sen miramentos a persoas sen recursos, esa mesma lei que recada impostos sen contemplacións, esa mesma lei que afoga aos autónomos, e así un longo etc. É curioso que sempre nos toque pagar aos mesmos, porque si señores, volveremos a pagar. Todo o defraudado (calcúlase que entre o 30% e o 40% do diñeiro dos maiores patrimonios españois está camuflado en territorios con baixa ou nula tributación), haberá que recuperalo. E xa sabemos como: afogando un pouco máis aos traballadores que só buscan chegar a fin de mes. Prepárense que se aveciña unha nova crise, pero só para nós claro.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira Veiras
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez López, Elena Dos Santos Carballada
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....8
-COMARCA.....12
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Máis de 6.000 euros en premios para a campaña deste Nadal



O sorteo celebrarase no transcurso dunha gala de Nadal na casa da cultura de Melide o 8 de xaneiro

É un clásico tan consolidado que xa vai pola edición número 19. Falamos da campaña de Nadal que organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide. Este ano vanse repartir un total de 6.200 euros en premios distribuídos da seguinte maneira: un premio de 2.000 euros, dous premios de 1.000 euros, catro de 500 euros e un premio adicional de 200 euros que se rifará entre os presentes o día do sorteo. O importe total será distribuído en vales de compra de 50 euros cada un, e o sorteo terá lugar na casa da cultura de Melide ante notario o vindeiro 8 de xaneiro ás nove da noite, no transcurso dunha gala para todos os públicos que contará con diferentes actuacións.

Pola súa parte, os establecementos asociados participantes na campaña contarán cun total de 400 rifas que repartirán entre os seus clientes ao longo da campaña. A maiores diso, no caso de esgotalas poderán facerse con máis rifas acudindo ás oficinas de Asetem; estas terán un custo de 6 euros cada talonario de 100 rifas.

A décimo novena edición da campaña de Nadal prolongarase este ano dende o 1 de decembro ata o 8 de xaneiro, ambos incluídos, e para apuntarse a ela os interesados poderán facelo ata o vindeiro xoves 30 de novembro. Ademais, poderán pasar a recoller toda a documentación, distintivos comerciais e rifas a partir xa do 22 de novembro. Para anotarse poderán facelo ben a través do correo electrónico (info@asetem.com), chamando ao teléfono 981 50 61 88 ou ben nas mesmas oficinas da asociación.

Hai que destacar que ao igual que en anos anteriores, os comercios que participen na campaña de Nadal terán dereito a publicidade gratuíta en Radio Melide durante toda a campaña. Iso si, terán que ser os propios comerciantes os que lle dean coñecemento da súa participación á radio.

Curso de empaquetado

Como novidade este ano, os días 29 e 30 de novembro vaise celebrar un curso de empaquetado de regalos de carácter totalmente gratuíto para todos aqueles que queiran anotarse. Terán que apuntarse antes do 22 de novembro tamén chamando por teléfono ou vía correo electrónico.

Dende Asetem agardan cumprir coas expectativas de anos anteriores, onde o balance foi máis que positivo trala participación de case 90 establecementos e o reparto de 65.000 rifas na última edición.

Descontos de ata o 40%, queimada popular e animación na rúa no primeiro *Black Friday* de Asetem

Comezou nos Estados Unidos, pero cada vez é unha tendencia máis estendida por todo o mundo, incluído o noso país. Este ano por primeira vez, tamén os comercios asociados a Asetem participarán desta campaña. E é que no *venres negro*, popularmente coñecido como *Black Friday*, son centos de persoas as que aproveitan para facerse con moitos produtos a prezos rebaixados e mesmo adiantar algunhas das súas compras de Nadal.

Deste xeito, o venres 24 de novembro celebrarase unha xornada dentro do horario comercial habitual, pero con descontos especiais durante todo o día que nalgúns dos casos chegarán a ser de ata o 40%. O *Black Friday* está dirixido a todos os sectores contando así coa participación dunha vintena de establecementos.

Pero ademais, dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide organizarase unha gran queimada ás nove da noite no Cantón de San Roque, con degustación gratuíta para todos aqueles que presenten o tícket de compra dalgún dos comercios asociados. Do mesmo xeito, haberá piruletas para os máis cativos. Pola súa parte, ao longo do día haberá animación na rúa e nos locais participantes.

Dende Asetem explicaron que esta é a primeira vez que se organiza o *Black Friday* porque sempre houbo certa reticencia a unirse a unha actividade que máis ben promoven grandes superficies e centros comerciais cerrados. Non obstante, pouco a pouco a campaña foise introducindo nos comercios e a demanda da mesma converteu o *Black Friday* nunha oportunidade máis para potenciar o comercio local.





Inspeccións no comercio de Melide

Dende a asociación de empresarios lembran as normas básicas que se debem cumprir



Nos escaparates dos comercios tamén deben ser visibles e lexibles os prezos

No sector do comercio estanse a levar a cabo unha serie de inspeccións, a modo informativo, para lembrar os requisitos imprescindibles que deben cumprirse nos establecementos especialmente en períodos de rebaixas. Tras ter coñecemento de diferentes inspeccións en varios locais de Melide, dende Asetem recompiláronse as normas básicas a ter en conta.

Períodos de rebaixas

1) A duración do período de rebaixas será elixido libremente polo comerciante.
2) A data de comezo e remate do período de rebaixas indicarase en lugar visible ao público, incluso se o establecemento estivese pechado.
3) Non se poderán vender baixo a denominación de rebaixas artigos deteriorados, adquiridos para esta finalidade ou que non estivesen no establecemento cunha antelación mínima de un mes a data de inicio das Rebaixas.
4) Os letreiros e as etiquetas deben exhibir, de forma ben visible, o prezo anterior e o novo prezo (ou ben a porcentaxe de redución).
5) No caso de que se oferten produtos a prezo normal e reducido, uns e outros deberán estar suficientemente separados ou sinalados de xeito que non poidan confundirse.

Garantías

O prazo de garantía legal para bens de natureza duradeira será de dous anos para bens novos e de un ano para bens usados.

Prazo mínimo de devolucións

O prazo mínimo de devolución dun produto son sete días; se ben, o comerciante pode ampliar este prazo. Ao proceder á devolución pódese reembolsar o diñeiro ou ben dar un vale que non poderá ter caducidade, esta información deberá darse a coñecer por escrito de forma visible.

Información obrigatoria que debe exporse ao público

1) O horario dos días e horas de apertura e peche do establecemento.
2) O anuncio da existencia de follas de reclamación a disposición dos consumidores.
3) Na zona de caixa estarán por escrito os medios de pago admitidos, así como a posibilidade ou non da devolución do produto. Esta información así como o prazo para a devolución deberán figurar tamén no tícket de compra.
4) Condicións de devolucións.
5) Os prezos de venda dos produtos (de forma suficientemente explicativa e que non induza a confusión). Tanto no interior do local como nos escaparates os prezos deben ser visibles e lexibles.
6) As condicións que, no seu caso, se apliquen á oferta, promoción ou venda dos produtos (sendo nulas as que sexan abusivas e as que contradigan os dereitos recoñecidos ao consumidor por lei).

Asetem reúnese co presidente da Deputación



O pasado 23 de outubro o presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, Manuel Vázquez, e a xerente, Pilar López, reuníronse na Coruña co presidente da Deputación Valentín González Formoso, para darlle a coñecer o labor que desenvolve a entidade en Melide. Un labor co que, explicaron, se lle pretende dar pulo ao pequeno comercio local. Ao mesmo tempo, trasladáronlle as inquedanzas e necesidades do tecido empresarial do municipio, co fin de acadar melloras substanciais. Dende Asetem agradeceron tamén a colaboración do organismo provincial en diferentes iniciativas levadas a cabo.

Preto de 30 persoas no curso de benestar animal

Preto de 30 alumnos participan dende o luns 13 de novembro nunha nova edición do curso de benestar animal. As xornadas están a impartirse dende as 20.45 horas da tarde ás 23.15 horas da noite de luns a venres nas instalacións da asociación de empresarios. Son un total de corenta horas repartidas en dous módulos de vinte horas cada un. O primeiro módulo leva por título “Benestar animal para condutor e coidadores”, mentres que o segundo módulo centrarase no “Benestar animal para persoal de granxas, matadoiros e centros de concentración”. O curso está organizado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide e o encargado de impartilo é o veterinario Juan Manuel González González. Entre os obxectivos que se perseguen figuran os de formar e cualificar ao persoal que se dedica ao coidado e manexo de animais dende o punto de vista da súa seguridade e benestar. O curso de benestar animal é un dos máis demandados na asociación de empresarios e con máis éxito de participación debido ás necesidades do mercado laboral actual. E é que calquera traballo relacionado coa manipulación e transporte de animais require do certificado que se obtén ao remate do curso. Carecer del pode chegar a implicar determinadas sancións.

SER DE XUSTIZA

O delito de tráfico de drogas



O primeiro que hai que destacar ao respecto é que a lexislación española non penaliza o consumo de drogas senón só o seu tráfico. Para que exista o tráfico teñen que darse unhas circunstancias que revelen de forma clara que se está producindo tal feito, como por exemplo, que se lle incaute ao suxeito unha cantidade de sustancias que supere en gran medida a dose diaria habitual, ou unha cantidade de diñeiro relevante que faga dilucidar que procede da venda de drogas. Tamén se pode dar cando a persoa está en posesión dunha gran cantidade de sustancias cuxo valor económico é alto, e dita persoa carece de recursos económicos coñecidos na súa vida cotiá. Igualmente, podemos estar ante un delito de tráfico de drogas cando a persoa é consumidora esporádica e posúe grandes cantidades de droga.

Así mesmo, para que falemos dun delito de tráfico de drogas téñense que dar unha pluralidade de indicios coma os que citamos anteriormente, e tamén deberán estar relacionados entre si para que aclaren sen xénero de dúbida que se está cometendo tal delito. Sempre hai que descartar que se trate dunha mera posesión para o consumo, xa que nese caso non se trataría de ningún delito. Estaríamos ante un simple consumo cando ao suxeito se lle incautan as cantidades que o Instituto Nacional de Toxicoloxía sinala como as doses propias que un consumidor habitual precisaría para cinco días.

É necesario facer referencia a un tema que está bastante en auxe nos últimos tempos, e que é o consumo compartido. Isto dáse cando se asocian varias persoas para consumir drogas entre si, sendo impune esta conduta cando se trata dun grupo cerrado de consumidores habituais, cando tal consumo se realiza nun lugar cerrado sen distribución de droga a terceiras persoas alleas ao grupo, e tratándose sempre dun consumo de cantidades insignificantes e sen almacenaxe de drogas. Este podería ser o caso claro dos clubs de cánnabis. Non obstante, na realidade o funcionamento de tales clubs pode dar lugar a condutas que poderían entrar dentro do tráfico de drogas, como promover ou facilitar o consumo de drogas, polo que nos últimos tempos os nosos tribunais están penando as condutas de consumo compartido dentro de tales clubs.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito
Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 282 / 671 833 425

SUBVENCIÓNS E AXUDAS DE INTERESE PARA OS ASOCIADOS

LEXISLACION LABORAL. NOVIDADES EN VIGOR DA LEI DE REFORMA URXENTE DO TRABALLO AUTONOMO.

RECOÑECEMENTO DO ACCIDENTE *IN ITINERE* DO AUTÓNOMO
Considerarase accidente de traballo o sufrido polo autónomo ao ir e volver do lugar no que se presta a actividade; sempre que non coincida co seu domicilio e sexa un local, nave ou oficina fiscalmente afecto á actividade.

COMPATIBILIDADE DO TRABALLO POR CONTA PROPIA COA PENSIÓN DE XUBILACIÓN
- Cando se acceda á pensión de xubilación á idade ordinaria, e se perciba o 100% da base reguladora da mesma, a pensión será compatible coa realización de un traballo por conta allea ou propia.
- Con carácter xeral, a pensión a percibir será 50% do importe recoñecido inicialmente. Coa nova regulación, no caso de que o pensionista realice unha actividade por conta propia e contrate a un traballador por conta allea, a contía da pensión acadará o 100%.

MELLORAS E NOVIDADES NAS BONIFICACIÓNS PARA AUTÓNOMOS:
.- BONIFICACIÓN POR COIDADO DE FILLO A CARGO.
Amplíase a 12 anos a idade dos fillos a cargo do traballador autónomo, para o acceso á bonificación por coidado de fillo menor a cargo. A bonificación será do 100% da cota de continxencias comúns da base media de cotización dos 12 meses anteriores, por un período de 12 meses. Esta bonificación obriga a contratar a un traballador por todo o período de desfrute da mesma, cun mínimo de 3 meses.
.- BONIFICACIÓN DURANTE DESCANSO POR MATERNIDADE, PATERNIDADE, ADOPCIÓN, GARDA, ACOLLEMENTO, RISCO DURANTE O EMBARAZO E RISCO DURANTE A LACTANCIA.
Nestes supostos os autónomos terán unha bonificación do 100% da cota de cotización calculada sobre a base media de cotización dos 12 meses anteriores ao desfrute, cando a duración do descanso sexa como mínimo de 1 mes. A novidade máis significativa é que esta bonificación deixa de estar vinculada á contratación de un traballador.
.- TARIFA PLANA PARA TRABALLADORAS AUTONOMAS QUE SE INCORPOREN Á ACTIVIDADE TRAS O CESE POR MATERNIDADE, ADOPCIÓN, GARDA, ACOLLEMENTO E TUTELA.
Cando nos 2 anos seguintes ao cese na actividade por algún destes motivos, a autónoma inicie unha actividade; a cota de continxencias comúns será de 50€ mensuais durante 12 meses, se optan pola base mínima de cotización (ou redución do 80% sobre a cota de continxencias comúns calculada sobre a base mínima de cotización, cando elixan unha base superior).
.- BONIFICACIÓN POR CONTRATACIÓN DE FAMILIARES DO TRABALLADOR AUTÓNOMO
O traballador autónomo que realice un contrato indefinido co cónxuxe e parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, terá dereito a unha bonificación na cota empresarial por continxencias comúns do 100%, durante 12 meses.
.- BONIFICACIÓN POR ALTAS DE FAMILIARES COLABORADORES DO AUTÓNOMO
O cónxuxe, parella de feito e familiares ata o segundo grao do autónomo, que se incorporen como Familiar Colaborador do Autónomo e non estiveran de alta nos 5 anos anteriores, terán dereito a unha bonificación do 50% da cota durante 18 meses, e un 25% durante 6 meses máis, calculadas sobre a base mínima.
A parella de feito acreditarase mediante certificación da inscrición como tal nalgún dos rexistros habilitados ou documento público; e certificado de empadroamento que acredite a convivencia ininterrompida dun mínimo de 5 anos.

SUBVENCIÓNS

AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN POR MATERNIDADE OU PATERNIDADE DO TRABALLADOR AUTÓNOMO, PARA O ANO 2017. (DOG 205, DO 27/10/2017)
Será subvencionable a ampliación da contratación do traballador interino, contratado durante a baixa de paternidade ou maternidade do autónomo/a, por unha duración mínima de 16 semanas.
Contía: 100% da cota de cotización á cargo da empresa desas 16 semanas.
Prazos de solicitude: Para contratacións realizadas ata 27/10/2017, ata o 27/11/2017. Contratos realizados a partir do 28/11/2017, un mes dende a contratación.

Información elaborada por CC Xestión
Rúa Otero Pedrayo, 10 - Melide

A reforma dos autónomos: as medidas máis destacadas

Aínda que a norma xa entrou en vigor, gran parte das súas disposicións aprázanse ao 2018



Información elaborada en colaboración con CC Xestión

O pasado 25 de outubro publicouse a Lei 6/2017, de Reforma Urxente do Traballo Autónomo, unha lei que recolle varias medidas en torno a este colectivo. Se ben esta norma entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación, gran parte das súas disposicións aprázanse para o 2018. Entre estas últimas que entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2018 cabe destacar as seguintes:

.- Redución dos recargos nas cotizacións fóra de prazo durante o primeiro mes de retraso; de xeito que o recargo será do 10%, no caso de presentación dos documentos de liquidación.

.- A ampliación da tarifa plana de cotización dos autónomos (50 €/mensuais), a 12 meses, tras un período de non alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos de 2 anos (3 anos, no caso de que xa se beneficiaran destas reducións no período de alta anterior).

.- Cotización por días de alta na actividade para os autónomos ata en tres ocasións en cada ano natural.

.- A posibilidade de modificación das bases de cotización dos autónomos ata catro veces ao ano.

.- Novos gastos deducibles no IRPF para os autónomos: unha porcentaxe do gasto en **subministracións da vivenda habitual (luz, auga, telecomunicacións...)**, na que desenvolvan a actividade, **e gastos de manutención** en restauración e hostalería cando se pague por calquera medio electrónico.

.- A modificación da base reguladora diaria das prestacións de maternidade e paternidade.

De todas estas novidades darase cumprida información nas próximas edicións do Cerne, cunha exposición pormenorizada dos requisitos e formalidades de cada disposición.

Apoio á lei do autónomo

Por outra banda, o conselleiro de Economía Emprego e Industria, Francisco Conde, expuxo hai uns días as políticas de impulso ao emprendemento que está executando a Xunta, avanzando que os orrzamentos de 2018 desta consellería inclúen dúas novas medidas, que complementarán ás recollidas na Lei estatal do autónomo. Por un lado, porase en marcha unha liña de axudas por valor dun millón de euros para facilitar unha segunda oportunidade aos autónomos que escollen unha nova actividade ou que queren reemprendela. E, doutra banda, a Xunta apoiará con 500.000 euros o relevo xeracional para dar continuidade aos negocios xa consolidados.

POR SER DE XUSTIZA

O acoso



Eva Novás
Avogada

Na reforma do Código Penal do ano 2015 introduciuse o delito de acoso ou "stalking", que pretende reprimir e castigar aquelas condutas de persecución que resultan repetitivas, compulsivas e resultan unha invasión da esfera persoal de quen é obxecto de acoso. Pretende abarcar un maior número de conductas delitivas que rodean á violencia doméstica e de xénero, tamén en consonancia co maior uso das tecnoloxías e das redes socias na comisión do acoso.

Este delito castiga con penas que van desde os tres meses ata os dous anos de cárcere, ou multas de seis a vintecatro meses, a aqueles que de maneira insistente, reiterada e sen autorización, acosen a outra persoa realizando unha serie de condutas que alteren de maneira grave o desenvolvemento da súa vida diaria, tales como vixiala, perseguila ou buscar a proximidade física; establecer ou tentar establecer contacto con ela a través de calquera medio de comunicación ou de terceiras persoas; adquirir productos, contratar servicios ou facer que terceiros se poñan en contacto con ela mediante o uso indebido dos seus datos persoais; atentar contra a súa liberdade ou o seu patrimonio, ou contra o patrimonio ou a liberdade de algunha persoa próxima a ela. E se se trata dunha persoa especialmente vulnerable por razón de idade, enfermidade ou situación, a pena será de cárcere de seis meses a dous anos. Para perseguir este delito será sempre necesaria a denuncia da persoa que sufra o acoso, salvo que a vítima se trate do cónxuxe ou da persoa ligada ó acosador por unha relación de afectividade análoga aínda que non convivisen, ou ben sobre os descendentes, ascendentes e irmáns do cónxuxe ou convivente, entre outros.

Trátase dunha violencia psicolóxica que é moitas veces equiparable á violencia física e que causa na persoa acosada a sensación de agresión mental, de desacougo, tanto que a asusta, a intimida, lle causa inseguridade e a limita na súa vida diaria.

As condutas que poden ser constitutivas de stalking ou acoso concrétanse en feitos moi variados e en detalles que puideran parecer inofensivos: o envío continuo de regalos, cartas, chamadas ou mensaxes non desexadas, aínda que nelas non se insulte ou ameace; o asedio a través das redes sociais; buscar continuamente a proximidade física, aparecendo de forma seguida ante a vítima, aínda que non exista agresión nin se estableza contacto; danar os seus bens, como a vivenda ou o coche; seguir, espiar e incluso difundir rumores.

Debe tratarse de condutas repetitivas e continuadas no tempo, non de feitos illados ou ocasionais. Nalgúns casos é moi difícil distinguir o acoso doutras actitudes que socialmente se consideran aceptables ou tolerables.

É evidente que se pode facer un mal uso deste tipo penal. Pero tamén era necesaria unha figura que castigase comportamentos que, sen chegar a ser unha agresión directa ou unha ameaza clara, causan un grande sentimento de inseguridade e indefensión na vida diaria, por ser un ataque á liberdade.

En numerosas ocasións o acosador é unha persoa rexeitada e resentida, obsesiva, e é frecuente que este comportamento preceda ou siga a relacións nas que existiu violencia contra a muller. Por desgraza, aínda non chegado o 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra A Muller, foron asasinadas 55 mulleres en España.

De nada nos serven as leis sen a educación e por iso é fundamental coñecer os límites e inculcar o respecto á propia liberdade e á dos demais en todas as nosas relacións, como premisa para a igualdade.

Eva Novás Mato
Avogada


Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 507 217 / 662 302 618

Colapso no parque empresarial de Melide

O PSOE de Melide denuncia o estado de colapso no que se atopa o parque empresarial de Melide. A día de hoxe son só preto de 8.000 metros cadrados (7.892 en concreto), os dispoñibles distribuídos en tres únicas parcelas libres. "É un tema que vimos denunciando dende hai tempo, pero que queremos retomar porque é algo serio sobre o que o Concello non pode improvisar", argumenta o voceiro socialista José Antonio Prado.

Segundo explicou, non se coñecen previsións por parte das institucións públicas para aumentar a oferta de solo industrial nun futuro próximo, e ante a construción da autoestrada A-54 e o posible interese de empresas por instalarse en Melide, "deberían iniciarse os trámites administrativos para unha previsible demanda de solo industrial", indicou.

Prado tamén apuntou a que aínda que na actualidade non exista unha demanda concreta, de non solucionarse esta problemática podería mesmo afectar ao desenvolvemento económico do municipio. "Hai que valorar posibilidades como ampliar o parque actual e aprobar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal que dea resposta ás necesidade presentes e futuras; trátase de iniciar os tramites administrativos, que adoitan ser longos, para que, se hai demanda de solo industrial, saber onde temos dispoñibilidade, porque Melide non pode ter nun futuro lamentos nin improvisacións, necesita planificación e traballo hoxe mesmo", apuntou.



Plano do parque empresarial de Melide

Reunión cos empresarios

En relación a isto, o voceiro socialista asegurou que no vindeiro pleno preguntarán unha vez máis polas actuacións que o Concello baralla en torno a esta problemática e presentarán iniciativas concretas, ademais de trasladar o asunto ao Parlamento de Galicia e á Deputación. Non obstante, dende o grupo municipal xa veñen de manter unha reunión coa Asociación de Empresarios Terra de Melide para coñecer as súas demandas e preocupacións. E é que no seu día dende Asetem xa se preguntara á Xunta pola desafectación da zona Lic, ante unha posible ampliación do actual parque empresarial; tema polo que dende a patronal se acabou solicitando a colaboración do Concello de Melide, pero que de forma oficial non recibiu resposta algunha.

Pésima xestión do parque

Na reunión mantida, tanto empresarios como representantes do grupo municipal socialista coincidiron en sinalar a nefasta xestión do parque empresarial, que na actualidade conta con problemas na depuración das augas residuais, carece dun sistema de seguridade concreto e non conta cun sistema de mantemento e limpeza axeitado. "Na maioría do parque empresarial non funciona o alumeado público, tanto nas rúas de acceso como nas rúas interiores, o que representa unha dificultade de uso das instalacións e un potencial risco na seguridade do parque, ademais de que non hai sistema de limpeza", concluíu Prado.







Os socialistas de Melide cualifican de insuficientes os orzamentos da Xunta

Ademais dos problemas coa rede de saneamento, critican a ausencia dunha partida específica para o novo centro de saúde



A deputada socialista Begoña Rodríguez, no centro da imaxe, durante a súa visita a Melide

A deputada socialista Begoña Rodríguez Rumbo trasladouse a Melide para facer unha análise, xunto ao voceiro municipal do mesmo grupo, José Antonio Prado, dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018.

Ambos coincidiron en sinalar aos orzamentos como insuficientes para solucionar as problemáticas actuais do municipio, entre as que destacaron principalmente a construción do centro de saúde, a depuración das augas residuais do parque empresarial e o sistema xeral de saneamento urbano.

A lexislatura do rural

Na súa intervención, a parlamentaria autonómica explicou que "é curioso que o presidente da Xunta de Galicia dixera no seu discurso de investidura que esta ía ser a lexislatura do rural cando vemos que as necesidades, como poden ser un centro de saúde ou un sistema de depuración, que ademais son competencias únicas e exclusivas da Xunta, non están sendo atendidas nin foron atendidas dende fai moito tempo. E ademais se vemos as partidas orzamentarias no proxecto para este exercicio atopámonos con que hai unha baixada no xeral dos orzamentos dun 2,35%, en Medio Rural as actuacións e valorización do medio rural baixan un 2%, a dinamización económica no medio rural un 9,25%, e en momentos como o que vimos de vivir co tema dos incendios, baixa a Axencia Galega de Emerxencias nun 11,24%".

Begoña Rodríguez tamén sinalou que "con estes datos comprobamos día tras día que non se aposta polo rural e que cada vez cóntase con menos servizos. É máis, a propia Conselleira de Medio Rural dixo nunha das últimas interpelacións que lle fixemos que non había suficiente xente no rural para determinados servizos, cando o que teñen que facer é realizar o plantexamento ao revés, ten que haber servizos para que a xente se fixe no rural", indicou.

Sen partida concreta para o centro de saúde

Pola súa parte, José Antonio Prado analizou as tres principais problemáticas que arrastra Melide e que, segundo apuntou, non cobren os orzamentos para 2018. "A construción do novo centro de saúde témolo catalogado como a gran mentira do Partido Popular para Melide. Levamos dende o ano 2011 orzando e sen executar nada. Podemos dicir que se levan orzando preto de dous millóns e medio de euros sen executar nin un só euro, e este ano volvemos a caer no mesmo. Sen esquecer que temos un problema coa parcela que hai detrás, que non sabemos como vai acabar, quen vai a ter a razón en canto ao seu uso, se o Concello, a Xunta, ou o vai a ter que decidir a xustiza".

Ante esta situación, o voceiro municipal socialista indicou que os deputados presentarán no Parlamento de Galicia unha emenda para que se dea resposta á construción do centro de saúde. "No orzamento da Xunta para 2018 o centro de saúde de Melide non ten asignación específica para a súa construción; pero se se orza isto con nome e apelidos e hai vontade política pódese chegar a facer".

Do mesmo xeito, presentarán unha emenda que dea resposta ao tema da depuración das augas residuais do parque empresarial, "unha problemática que levamos arrastrando dende 2011", engadiu Prado.

Finalmente, o voceiro socialista referiuse ao sistema xeral de saneamento urbano de Melide como "un tema importante que aparece minimamente reflectido nos orzamentos da Xunta". Prado incidiu na necesidade de abordar este tema con seriedade e explicou que "con 170.000 euros non se vai a solucionar o problema, senón que se vai a realizar un parche nunha zona que ten dúas estacións de bombeo e que están fallando continuamente como son as de Santa María. O que hai que facer é un estudo xeral da situación, e despois dese estudo concretar unha serie de medidas para solucionalo", concluíu.

Reunión cos veciños

En relación a isto a alcaldesa de Melide, Dalia García, reuniuse cos veciños de Santa María - O Rañado o pasado mércores 25 de outubro para informar sobre as obras de saneamento que se levarán a cabo nesta zona; unhas obras que terán un custe de 175.000 euros recollidos nos orzamentos da Xunta para o vindieiro exercicio. "Unha vez realizados todos os trámites técnicos necesarios, quero explicarlles aos veciños e veciñas o proxecto así como pedir a súa colaboración para o discorrer das obras. Trátase dunha obra moi demandada polos veciños e que agora vai ser unha realidade", explicou a rexedora municipal, quen xa o ano pasado trasladou a necesidade desta mellora no saneamento de Santa María á titular de Medio Ambiente, Beatriz Mato.

Concello de Melide e Consorcio cofinanciarán a Galiña Azul e a residencia da terceira idade

O Concello de Melide cofinanciará xunto co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar os gastos da Galiña Azul e da residencia da terceira idade. Unha medida extraída da última xuntanza de traballo que a alcaldesa de Melide, Dalia García, e técnicos municipais mantiveron co xerente do Consorcio, Perfecto Rodríguez.

No encontro analizáronse os gastos que se sufragan por parte do Concello de Melide e por parte do Consorcio en relación aos servizos da Galiña Azul e da residencia, "instalación esta última na que o Consorcio só financia o centro de día", explicou a alcaldesa.

Despois de dar a coñecer na xuntanza os gastos aos que ten que facer fronte o Concello en solitario para sufragar ditos servizos, Concello e Consorcio chegaron a un acordo para realizar o cofinanciamento entre as dúas administracións. Deste xeito, a rexedora municipal adiantou que "a finais de ano liquidaranse os gastos correspondentes ao 2017 que, salvo erro ou omisión, serán de preto de 55.000 euros no correspondente á Galiña Azul e arredor de 12.000 euros para a residencia".

Con todo, dende o conistorio lembraron que existe unha lei recentemente aprobada, que establece o cofinanciamento dos servizos sociais para evitar que as arcas municipais sigan engrosando as súas débedas.

Melloras no saneamento e no firme da estrada AC-840 ao seu paso por Melide

O Concello de Melide e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda veñen de analizar o proxecto de mellora do saneamento e firme da AC-840; unha vella demanda dos veciños. Trala reunión, as obras de mellora desta estrada ao seu paso por Melide levaranse a cabo en diferentes fases. A primeira delas afectará ao treito que une a zona da residencia da terceira idade coa entrada do casco urbano do municipio. As obras consistirán na mellora de dous tramos fundamentais do saneamento municipal, co que se pretende mellorar o sistema integral de augas pluviais. Dentro deste proxecto tamén se inclúe a implantación dunha solución aos problemas de ruídos nunha franxa desta estrada. Unha vez rematada a redacción do proxecto, a Consellería de Infraestruturas procederá á licitación do mesmo para poder executalo nos vindeiros meses.

Luz verde ao traslado das pistas de pádel


No parque Rosalía de Castro, espazo que ocupaban, situarase unha pista multideporte

Ao longo do mes de novembro está previsto que dean comezo as obras para o traslado das pistas de pádel, situadas no parque Rosalía de Castro, ao parque da urbanización Taboada Roca, así como as tarefas de acondicionamento da pista multideportiva que albergará o parque Rosalía de Castro. Así o aprobou a Xunta de Goberno Local do Concello de Melide por un importe de 117.000 euros.

O traslado á Urbanización Taboada Roca permitiralle aos veciños dispoñer dun espazo onde se poderán practicar diversos deportes, xa que estas pistas de pádel situaranse a carón das pistas xa existentes na zona de tenis e tamén ao lado do complexo deportivo municipal que alberga a piscina climatizada, un ximnasio e dúas aulas de actividades dirixidas. Dende o Concello apuntaron a que, deste xeito, "as reformas permitirán a creación dun complexo deportivo multidisciplinar no que se poderán realizar diferentes deportes nunha mesma zona".

Ao mesmo tempo restaurarase o parque da urbanización Taboada Roca, deteriorado polo paso do tempo, e que verá así renovado o seu mobiliario e a súa superficie con caucho, adaptando estas instalacións ao público infantil que fai uso del no seu día a día.

Pola súa banda, o espazo existente onde se atopaban as pistas de pádel no parque Rosalía de Castro será acondicionado como unha pista polideportiva ofrecendo aos veciños un espazo de xogo libre multidisciplinar, onde ademais de poder practicar todo tipo de deportes tamén poderá ser empregado para outros usos, como por exemplo pequenos concertos ao aire libre ou representacións teatrais. Está previsto que as obras estean rematadas antes de finais de ano.



Planos sobre como quedará repartido o espazo e situación actual do parque Rosalía de Castro





Plagostel
NR5 (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

MODA MUJER
Tallas desde la 38 a la 68

MODA HOMBRE
Tallas desde la 38 a la 76

Tu Boutik



Con motivo del
5º aniversario,
del 15 al 19 de
noviembre
¡¡días sin
IVA!!
En todos los
productos menos
fiesta

Rda. Pontevedra, 61
15.800 Melide - A Coruña
Teléfonos: 881 956 394 / 627 488 431
tuboutik.blogspot.com.es

Esnaquizan e estragan parte do solario da praia fluvial do río Furelos



Dende a asociación de troiteiros Río Furelos de Melide denunciaron os danos e estragos causados na praia fluvial deste mesmo río. Foi a comezos do mes de novembro cando, dando un paseo pola contorna da praia fluvial se atoparon con parte do solario desfeito. Dende a asociación xa puxeron os feitos en coñecemento do Concello. Xavier Pazo, presidente da asociación, explicou que "segundo nos comentou a alcaldesa foi unha motobomba collendo auga para os incendios a que, accidentalmente esnaquizou o solario". Agora, dende a agrupación piden que se arranxen os danos e que se busquen solucións alternativas para coller auga, "ou cada vez que necesiten entrar as motobombas estaremos con este mesmo problema", indicou Pazo. Ao peche desta edición os danos no solario da praia fluvial aínda estaban sen reparar.

Acondicionamento no parque da urbanización As Granxas



O Concello de Melide realizou melloras de acondicionamento no parque situado na urbanización As Granxas, ao carón da Galiña Azul da vila. Entre as melloras efectuadas atópase o acondicionamento dos paseos interiores que estaban en canto rodado e que agora pasaron a ser de formigón. Unha empresa externa ao Concello de Melide foi a encargada de realizar estas obras que contaron cun orzamento de case 7.000 euros e que remataron no prazo dunha semana. Tamén se procedeu á instalación de 30 novos colectores de lixo que están suxeitos ao chan, para evitar que se despracen, mediante barras. Os novos contedores están instalados en diferentes zonas do pobo como na ronda de Pontevedra, na Avenida da Habana, na Rambla de San Pablo, en Priorada e na rúa América ou Rosalía de Castro entre outras.

Melide promociónase no II Fórum do Camiño de Santiago *Fairway*



Dende o domingo 12 ao martes 14 de novembro celebrouse en Santiago de Compostela o II Forum do Camiño de Santiago, *Fairway*, no que estivo presente o Concello de Melide xunto con outras vilas que forman parte da mancomunidade de municipios galegos do Camiño Francés. O municipio estivo representado nun stand no que se amosou aos visitantes a diversidade arquitectónica, cultural e paisaxística así como a gastonomía local, moi afamada por todos aqueles visitantes e peregrinos que realizan o Camiño de Santiago ano tras ano. *Fairway, Forum do Camiño de Santiago,* tivo unha triple vertente: un congreso aberto, feira de expositores, e *workshop* de reunións con turoperadores internacionais. Esta feira ten como obxectivo promocionar e abordar o fenómeno que supón o Camiño de Santiago en toda a súa amplitude, así como aportar un espazo de traballo ás distintas administracións implicadas.

Rehabilitación de espazos comúns nas parroquias do municipio



O Concello de Melide realiza labores de rehabilitación en diferentes espazos comúns nas parroquias do municipio. Lugares como os lavadoiros ou as fontes están sendo acondicionados, xa que se trata de espazos comúns nos que son necesarias pequenas accións para que poidan ser utilizados polos veciños e veciñas en boas condicións. A brigada de obras e a brigada medioambiental do Concello están a ser as encargadas de realizar estes traballos, que comezaron no lavadoiro veciñal de A Garea e en Cazallas, así como tamén a limpeza de fontes en San Cibrao, Moldes de Abaixo e Furelos. Tamén se están a arranxar os lugares comúns de encontro dos veciños en distintas parroquias. Por outra banda, tamén se vén de acondicionar pistas no rural, concretamente no Barreiro, no lugar de Parabispo, onde se arranxou un tramo de máis de 400 metros con zahorra para facilitar a accesibilidade.

Continúa a ampliación do obradoiro de madeira do IES de Melide

O delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, visitou o Instituto de Ensino Secundario de Melide, no que se está a desenvolver unha ampliación do obradoiro de madeira. O delegado comprobou a evolución dos traballos, que se están a levar a cabo con motivo do aumento de alumnos e materias derivado da implantación da FP básica. Trátase dun anexo lateral ao edificio actual, dunha superficie construída de 43 m2.

Estase a construír tamén unha soleira ventilada para evitar humidades. Ademais disto faranse todos os acabados interiores habituais en pavimentos, paramentos e falsos teitos e as instalacións necesarias de electricidade, calefacción e resto de servizos. O investimento total incluíndo proxecto, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde é de preto de 49.000 euros.



Un momento da visita do delegado territorial ao IES de Melide

Esta actuación forma parte dun investimento total da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de máis de 100.000 euros en dependencias educativas do municipio de Melide. En concreto, este ano levouse a cabo a reforma da cuberta e outras reparacións no CEIP número 1 por un importe de algo máis de 45.000 euros, e o cambio de cuberta e caleiro do ximnasio do CEIP Martagona por preto de 10.000 euros.

Recoñecemento aos 25 anos de servizo na Policía Local de Melide

María López Miguélez, Ramón Fernando Mellid Ramos e Juan José Mosteiro Sánchez, son os tres policías locais de Melide aos que se lles entregará o distintivo de permanencia, por ter cumpridos a 31 de decembro de 2016, os 25 anos de servizo no corpo da policía local. A vicepresidencia e a consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, vén de facer público no Diario Oficial de Galicia, a listaxe dos policías locais galegos aos que se lle outorgará este recoñecemento. No caso de Melide, tres policías locais cunha ampla traxectoria.

200 tramitacións para o Carné Xove na Oficina Municipal de Información Xuvenil

A Oficina Municipal de Información Xuvenil de Melide ten previsto realizar a tramitación de 200 carnés Xove. Son datos que se extraen do balance feito pola técnico da oficina no que se explica que "cada mes tramítanse aproximadamente 18 carnés Xove, o que multiplicado polos doce meses do ano ofrecería un resultado de máis de 200 documentos expedidos". Á Oficina Municipal de Información Xuvenil de Melide chegan mozos e mozas de toda a comarca e doutros concellos limítrofes como Arzúa ou Boimorto. Este documento é válido para persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos e facilita o acceso a numerosos descontos.

Reordenan as luces do palacio de congresos para unha mellor iluminación



Co fin de reducir o gasto de iluminación do palacio de congresos da vila, o Concello de Melide levou a cabo unha actuación de mellora da eficiencia enerxética. Actualmente, esta instalación é utilizada por veciños e veciñas que se achegan a ela para gozar das pistas de pádel cubertas e tamén do parque infantil. A mellora consistiu na redistribución das luminarias que habitualmente están acesas, onde os puntos de luz que se utilizan se colocaron por filas, de maneira que non teñan que estar todos acesos para ter unha boa iluminación. Por outra banda, tamén se instalou un novo sistema de seguridade para o acceso ás pistas de pádel. Deste xeito, os usuarios que queiran acceder a calquera das dúas pistas cubertas teñen que adquirir o seu pase nas dependencias do Concello, onde unha vez feito o pagamento correspondente se lles achegará unha ficha que utilizarán como moeda para poder acceder ás pistas.

Informan aos usuarios do programa Bule con Alcer das axudas vixentes



Os usuarios do programa Bule con Alcer de Melide participaron nun taller onde a traballadora social de Alcer se achegou ata a vila para dar a coñecer as diferentes prestacións e recursos sociais que as persoas con enfermidades crónicas poden solicitar. Nesta actividade ofrecéuselle aos asistentes información sobre diferentes axudas a nivel municipal, autonómico e nacional vixentes na actualidade. Este taller enmárcase dentro das actividades que o programa Bule con Alcer achega aos seus usuarios ao longo do ano. Hai uns días, Melide acolleu unha charla sobre nutrición e será neste mes de novembro cando as persoas que se benefician do programa poidan acudir a un taller onde se lles mostrarán diferentes productos de apoio para mellorar a calidade de vida das persoas con diferentes doenzas crónicas. Na actualidade participan preto de cen persoas neste programa que rematará no mes de decembro.

Solidariedade: da comarca ao corazón dos incendios

A librería Victorio de Melide converteuse en punto de recollida de material para os afectados



De esquerda a dereita, Sandra, Laura, Ana e María, responsables da campaña de recollida

A vaga de lumes que asolou Galicia no mes de outubro serviu para espertar o lado máis solidario de moitas persoas que cos seu propios medios quixeron axudar aos que o perderon todo nos incendios. No caso da comarca destaca especialmente a iniciativa levada a cabo dende a librería Victorio de Melide como punto de recollida de material para os afectados e que contou mesmo coa colaboración do Concello de Santiso.

Así, dende a Libería Victorio e por iniciativa propia, Laura, en contacto con outras mozas a través das redes sociais, iniciou a súa particular campaña de recollida de material. "Quixemos aportar o noso gran de area aos afectados polos incendios. A impotencia e a rabia polo que estaba a pasar e que ninguén fixera o máis mínimo puido con nós. Así que nos puxemos mans á obra e construímos un pequeno gran proxecto para poder axudar a eses veciños e veciñas e animais que quedaron sen nada", explica Laura. Foi así como ela dende Melide, María e Sandra dende Nigrán, e Ana dende Arzúa traballaron dende o 15 de outubro ata o 1 de novembro nesta campaña solidaria.

Durante ese período de tempo a resposta da xente foi tal que chegaron a recoller máis de 1.000 quilos de roupa, 500 quilos de alimentos e 300 quilos de produtos para a hixiene e xoguetes. Para iso contaron coa colaboración de numerosas persoas anónimas e institucións como foi por exemplo, no caso da comarca, o Concello de Santiso ou Cáritas de Melide. "A resposta foi moi grande, desbordounos a humanidade da xente porque confiaron en nós cos ollos pechados e iso é de agradecer", comenta María. "A resposta da xente foi impresionante, vímonos desbordadas. Moitos traían o que consideraban oportuno e outros viñan primeiro a preguntarche que era o que máis se precisaba para logo ir mercar eses produtos en concreto. Observamos que a xente quería axudar pero faltaban os medios necesarios para poder facelo, e iso foi o que fixemos nós", engade Laura.

Con todo o recollido, estas catro mozas organizáronse tamén para realizar o reparto do material. Así, ata a propia vivenda de María en Nigrán trasladaron todo o recollido en Melide e Arzúa, para logo distribuílo directamente ás familias afectadas e a outros puntos de reparto. En total trasladaron material aos lugares de Nigrán, Moces (Melón), Pontecaldelas, Ponteareas, Sao Joao de Madeira (Portugal), Tondela (Portugal), e Sao Roman (a Garda, Portugal).

Pero a aventura non rematou aquí, porque iso é o bo que ten a solidariedade, que nunca se esgota. E é que a día de hoxe continúan en contacto con moitos dos afectados e, de cara ao Nadal, xa pensan en organizar unha nova recollida.

Melide e Santiso concienciados coa importancia de reciclar



Campaña no concello de Melide



Foto: Concello de Santiso

A campaña de concienciación social sobre a recollida selectiva e a reciclaxe *Separemos ben, reciclaremos mellor* estivo o pasado mes de outubro nos concellos de Melide e Santiso. A pé de rúa repartíronse folletos divulgativos, informouse a todos os interesados sobre como reciclar dun xeito produtivo e tamén se realizaron diferentes obradoiros interactivos. Ademais das actividades, tamén houbo regalos tanto para os adultos como para os máis pequenos. A actividade foi impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, xunto con Sogama, e en colaboración con Ecoembes. No caso de Melide tamén participou a Asociación de Empresarios Terra de Melide. A intención desta iniciativa foi a de sensibilizar e concienciar sobre o importante que é a reciclaxe, hoxe máis que nunca, debido a que a contaminación é un dos factores que máis contribúe e favorece o denominado cambio climático.

Xuntos polo Nadal ten aberto o prazo de inscrición

A Consellería de Política Social organiza un ano máis o programa *Xuntos polo Nadal* que oferta 240 prazas dirixidas a aquelas persoas maiores de 60 anos que, por diferentes circunstancias, se atopen soas e queiran pasar o Nadal en compañía. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 17 de novembro incluído, nos servizos sociais comunitarios dos concellos, nos departamentos de traballo social dos centros de saúde e hospitais, e nas xefaturas territoriais ou centros sociocomunitarios de benestar dependentes da Consellería de Política Social. As persoas participantes que teñan uns ingresos inferiores ao IPREM (537,84 euros/mes) asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que para as persoas con ingresos superiores a estancia terá un custo de 50 euros. Os gastos de desprazamento dende o domicilio dos adxudicatarios ata o lugar de saída e viceversa serán por conta da persoa participante.

Ata o 7 de xaneiro

O programa *Xuntos polo Nadal*, que comeza o 23 de decembro e, por primeira vez, remata o 7 de xaneiro, incluirá aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa. Ao abeiro do programa realizaranse numerosas actividades de animación sociocultural durante o tempo que transcorra a devandita iniciativa. Das 240 prazas ofertadas, 120 serán na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense), para as persoas solicitantes das provincias de Lugo e Pontevedra, e outras 120 na Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra), para as solicitudes procedentes das provincias da Coruña e Ourense.

A Deputación inviste máis de 225.500 euros na construción de novas beirarrúas no Souto, no concello de Toques

A Deputación da Coruña licitou por algo máis de 225.500 euros as obras de mellora da estrada DP-4604, ao seu paso polo lugar do Souto no concello de Toques.

Este investimento, incluído no Plan de Travesías da institución provincial, permitirá construír novas beirarrúas e repavimentar a principal vía deste núcleo, o máis poboado do concello posto que ten a capitalidade do municipio.

Actualmente, esta travesía conta con beirarrúas elevadas de baldosa hidráulica, que debido ao paso do tempo presentan un deterioro importante, con lastros soltos e algúns tramos sen baldosas ou sen bordo, o cal provoca grandes limitacións en canto á accesibilidade e á seguridade.



O tramo no que se van realizar as melloras abarca preto dun quilómetro

Actuacións

As obras incluirán a demolición das beirarrúas, así como un muro de mampostería coa finalidade de lograr un ancho continuo de 1,80 metros. Posteriormente, executarase unha nova beirarrúa, que estará ao mesmo nivel que a estrada na totalidade do seu percorrido, co obxectivo de eliminar as barreiras arquitectónicas. Para separar esta travesía da beiravía, disporase un canal de formigón. As melloras nesta estrada tamén incluirán a repavimentación de todo o ancho da plataforma, coa aplicación dunha nova capa de rodaxe con afirmado de cinco centímetros e rego de adherencia.

Realizarase de igual modo a adaptación dos sumidoiros á nova rasante, e tamén se construirá unha nova rede de pluviais no tramo final da vía, que actualmente carece desta dotación básica.

O tramo de preto dun quilómetro no que se vai actuar comunica algúns dos servizos principais, como a Casa do Concello, a oficina de información turística ou Correos, ademais de numerosas vivendas.

Xuntanza informativa sobre a concentración parcelaria en Grixalba, Sobrado

Os interesados na reestruturación parcelaria da zona de Grixalba, no concello de Sobrado, poderán asistir a unha reunión informativa o martes 21 de novembro ás dez da mañá no pavillón municipal de Sobrado. Con esta xuntanza iníciase a fase de exposición e enquisa pública previa ao acordo de reestruturación parcelaria, que estará aberta durante o período de un mes. Ese día, e ao longo do período establecido, entregaráselle ás persoas titulares o correspondente documento resumo, no que se relacionan as fincas de reemplazo que se lles asignarán, e quedarán expostos os planos. Tamén se informará nesta reunión das datas e lugares nas que os técnicos atenderán as consultas ao respecto. Durante este prazo as persoas afectadas tamén poderán presentar as alegacións que estimen oportunas.

Preto de 900 visitantes na oficina de turismo de Sobrado durante o pasado verán

A oficina municipal de turismo do concello de Sobrado, situada na planta baixa da Casa do Concello, recibiu 895 visitantes ao longo dos pasados meses de xullo, agosto e setembro. Os visitantes, na súa meirande parte peregrinos que fixeron o Camiño do Norte, acudiron para conseguir información en relación a Sobrado dos Monxes, á comarca e tamén ás principais cidades galegas.

Actividades

A fin de semana do 4 e 5 de novembro o concello de Sobrado acolleu a celebración da IV Feira Gastronómica do Outono, con recollida e degustación de cogomelos, exposicións, venda de produtos, música e talleres para nenos e maiores. Así mesmo, dende o Concello lembran que teñen en marcha o programa de Termalismo Social, do que se poden beneficiar ata 25 persoas. Os usuarios acoden a un "Spa"no concello lugués de Vilalba.

O 29 de decembro remata a campaña de vacinación da gripe

Dende finais de outubro está en marcha a campaña de vacinación da gripe 2017 cun total de 560.000 doses. Máis de 54.000 persoas xa solicitaron a súa cita para acudir a vacinarse nos primeiros días. A campaña durará dez semanas, polo que dende a consellería de Sanidade lembraron que hai tempo suficiente para facelo progresivamente. Ademais, os vacinados en calquera momento da campaña estarán protexidos cando chegue a onda epidémica.

A campaña de vacinación antigripal deste ano iniciouse o pasado luns 23 de outubro e rematará o 29 de decembro. A Consellería de Sanidade conta con 900 puntos de vacinación repartidos por toda a comunidade, tanto en centros de saúde e hospitais públicos, como en centros sanitarios privados, residencias da 3ª idade, etc.

O principal obxectivo desta campaña é o de minimizar o impacto da gripe na saúde da poboación galega mediante a súa prevención, tentando diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas de padecela.

Sobe o paro, sobre todo en Melide

Os datos do paro ao remate do mes de outubro non son bos para a comarca, especialmente para o concello de Melide, onde o número de desempregados pasou de 413 a 424, aumentando así a cifra en 11 parados máis. No concello de Santiso o número de desempregados aumentou en tres persoas, pasando de 81 parados a 84; en Sobrado hai unha persoa desempregada máis (77 en total), mentres que no concello de Toques o paro baixou nunha persoa (de 54 pasouse a 53). A variación total é así de 14 desempregados máis, pasando de 624 a un total de 638 parados na comarca.

Aplicación para o móbil

O Concello de Toques dispón dunha nova ferramenta de comunicación. Trátase dunha aplicación informática para dispositivos móbiles IOS e ANDROID. Dita aplicación contén dúas versións, a propia aplicación para móbiles e unha web, onde se pode consultar toda a información sobre o concello, como por exemplo servizos, lugares de interese turístico, establecementos, etc. Pero sobre todo, proporciona unha detallada información técnica das rutas de sendeirismo homologadas coas que conta o municipio. Aparecen detalladas as súas características e tamén unha breve descrición. Os interesados xa poden consultar información, ver fotos e mapas colgados na web e/ou na aplicación móbil simplemente no enderezo electrónico: http://toques.elcaminoentumano.com ou descargando no móbil a aplicación "Caminos de Toques".

O Plan de emprego local favoreceu a contratación en catro granxas da comarca

Máis dun 22% dos 4,5 millóns de euros que o Plan de emprego local (PEL), da Deputación da Coruña destinou este ano a apoiar ás pequenas e medianas empresas na contratación de novos traballadores, e a apoiar proxectos empresariais impulsados por mozos e mozas de entre 25 e 35 anos, beneficiou a empresas do sector primario, fundamentalmente a explotacións gandeiras e agropecuarias dos municipios rurais da provincia.



49 novos empregos e 12 granxas

O montante total das axudas do Plan de emprego local que se destinaron a empresas do sector primario ascendeu a 1.015.722 euros; arredor dun 22,5% do total destas subvencións. E é que a través da liña PEL-PEMES, a Deputación subvencionou este ano o 75% dos custes de contratación de 49 persoas durante un período dun ano en granxas e explotacións agrarias ou gandeiras da provincia da Coruña, catro delas na comarca da Terra de Melide. Ademais, o importe total destas axudas á contratación ascendeu en 2017 a preto de 650.000 euros.

Con esta liña destinada a mozos e mozas de ata 35 anos apoiouse principalmente os procesos de modernización e innovación nas empresas, sendo un total de 12 as empresas que pertencen ao sector agrogandeiro e que recibiron máis de 367.600 euros.

Pola súa parte, o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, amosou a súa satisfacción polos resultados que acadou o programa neste período e anunciou que nas vindeiras semanas se presentará a convocatoria 2018 do Plan de emprego local, que contará con algunhas novidades importantes que poderían beneficiar ás empresas radicadas no ámbito rural.

Melloras na estrada de Melide ás Pías por Toques

A Deputación da Coruña vén de adxudicar por un importe de 193.475 euros as obras de pavimentación e mellora do tramo da estrada provincial DP 4604, de Melide ás Pías por Toques. As obras consistirán na pavimentación con mestura asfáltica en quente de diversos tramos ao longo destes 5,5 quilómetros da vía, cunha superficie total asfaltada de 35.130 metros cadrados. Unha vez completada a nova pavimentación, levarase a cabo a sinalización horizontal da vía e completarase a sinalización vertical, co obxecto de mellorar a seguridade en todo o tramo. O firme da estrada presenta actualmente un estado de deterioro importante, debido en parte ao paso de camións, xa que dos 2.080 vehículos que rexistra diariamente a vía, un 9% son vehículos pesados. Estas obras terán un prazo de execución de dous meses e para a súa execución non será preciso realizar cortes de circulación, xa que se realizarán primeiro nunha marxe e despois na outra, mantendo en servizo un dos carrís en todo momento.

Os veciños da parroquia de Ordes, á espera das melloras na curva do Toxo

Outro investimento importante que acometerá a Deputación nesta vía provincial suporá a eliminación dun punto negro de concentración de accidentes, as coñecidas como curvas do Toxo, xusto no límite dos concellos entre Toques e Melide. Unha medida que agardan os veciños da parroquia de Ordes, en Toques, se transforme en realidade o máis pronto posible debido á perigosidade do treito. “Cortaron as árbores e con iso ten mellor visibilidade, pero aínda así o treito é perigoso porque a estrada está mal peraltada, e se non coñeces a zona e vas un pouco rápido é doado que vaias fóra. É unha das zonas onde máis frecuentemente se producen accidentes”, aseguran.

FOTO-DENUNCIA

A obra eterna da ponte Mazaira...

A ponte sobre o río Furelos, máis coñecida como a ponte Mazaira, vai camiño de converterse na “obra eterna”. No mes de agosto a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, asinou un convenio de colaboración coa alcaldesa de Melide e o alcalde de Toques, para renovar dita ponte que comunica ambos concellos. As obras teñen un prazo de execución de tres meses e estaba previsto que se iniciasen o pasado mes de setembro, mais no lugar da ponte todo segue exactamente igual e non hai o máis mínimo indicio de que as obras se vaian a poñer en marcha en breve. Que aínda non comezasen coa reforma tamén fai pensar que a ponte non cumprirá o prazo de execución previsto e que non estará lista por tanto para finais de ano. No proxecto de reconstrución está previsto o levantamento dunha nova estrutura, porque a actual está en estado ruinoso, cunhas dimensións de máis de dez metros de longo e seis de ancho. O investimento por parte da Xunta de Galicia é de 300.000 euros e inclúe o acondicionamento dos accesos.



RESTAURANTE
PARRILLADA
PILMAR
MARIÑO

- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA





Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tlfnos.: 981 50 76 17
606 59 04 46

Venres día 24 Gran Magosto
degustación Gratis de
Orella e Castañas
Música en directo con SUSO DE BOENTE

Casa Juanito
Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con
productos conocidos y de prestigio



Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

Os períodos de seca tenden a ser cada vez máis frecuentes e de maior duración

A seca en Galicia está a preocupar, e cada vez máis. Un feito inimaxinable como o da alerta por seca na comunidade dos 10.000 ríos é xa unha realidade sobre o terreo tralo ano máis seco da nosa historia. A día 31 de outubro deste ano, os encoros da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa administrados por Augas de Galicia (entre os que se inclúe o encoro de Portodemouros), atopábanse a pouco máis do 48% da súa capacidade total. Concretamente, os de abastecemento ao 48´85%, e os de uso hidroeléctrico ou industrial ao 47´07%.





Sobre estas liñas, vista xeral do encoro de Portodemouros e caudal do mesmo ao seu paso por Visantoña (Santiso). Abaixo, aldea de Brocos (Agolada), emerxida a comezos deste mesmo ano, e regato completamente seco na parroquia de San Xulián en Toques





Os datos

Así o recolle o último informe hidrolóxico de outubro, onde analizando a evolución dos últimos meses, vemos por exemplo que o encoro de Portodemouros case non variou o seu caudal no que vai de ano, pasando dun 42% de ocupación no mes de xaneiro a pouco máis do 43% a finais de outubro. Unha recuperación de caudal ínfima que sitúa a capacidade desta presa –de uso hidroeléctrico e explotada por Gas Natural Fenosa–, por debaixo da media.

E na mesma situación atópanse o resto de bacías destinadas ao consumo hidroeléctrico, e algo semellante ocorre coas destinadas ao abastecemento. Ante esta situación, responsables de Augas de Galicia mantiveron reunións de seguimento a finais de outubro en 41 concellos das seis áreas, nas que xa está decretada a alerta por seca. E é que a busca de solucións e a aplicación de medidas faise cada vez máis necesario.

Numerosos expertos sinalan que estes períodos de seca son cada vez máis frecuentes e de maior duración sexa a época do ano que sexa. Abonda con botar a vista atrás, tan só ata o mes de xaneiro deste ano, cando no mesmo encoro de Portodemouros as ruínas da aldea de Ribadulla xa emerxeron á superficie debido ao escaso caudal. Agora, dende a aldea de Balocás de Abaixo, na parroquia de Visantoña (concello de Santiso), veciños como Manuel Pedreira que levan toda a vida ao lado do encoro, amosan a súa sorpresa ante os baixos niveis de auga nun mes de outubro. "Que eu me lembre só recordo unha vez hai sete ou oito anos na que o encoro aínda ía moito máis baixo, porque mesmo chegaron a saír á superficie uns muíños que quedaron soterrados trala construción do pantano. O que non sei é se foi por mor da seca ou porque baleiraron a presa para realizar algúns traballos. Agora ben, nun mes de outubro nunca o vin tan baixo. Non é normal para esta época do ano porque xa debería ter chovido meses atrás. E é máis, haberá dous ou tres anos, no mes de agosto ía completamente cheo".

Falta de chuvia

Segundo explicaron dende Augas de Galicia, a comunidade galega rexistrou un ano hidrolóxico cun 30% menos de chuvia, "polo que un mes de novembro con precipitacións normais non vai mellorar substancialmente a situación, aínda que si suporía un cambio de tendencia. Ademais, os embalses galegos son moi receptivos á chuvia directa, pero os ríos necesitarán previamente que se filtre esa chuvia, porque o terreo está moi seco e debe recuperar os niveis de humidade habituais".

E é que segundo reflicten os datos da Aemet, o pasado mes de outubro caeron en Galicia pouco máis de 29 litros por metro cadrado, cando a media dos últimos cinco anos para este mesmo mes foi de preto de 137 litros; o que se traduce nun 78% menos de precipitacións.

Malia que o encoro de Portodemouros é de uso hidroeléctrico e non de abastecemento, os veciños non agochan a súa preocupación ante a falta de chuvia. "Non nos presta servizo directamente, aínda que si fai unhas vistas fermosas e non dá gusto velo seco e con aspecto de estar queimado e sen vida. Mais, o que realmente nos preocupa é que continúe sen chover. Non só por non ter auga para uso doméstico, senón polos animais. Eu teño vacas, e os prados cada vez teñen menos pasto. A seca non é boa para nada, e menos para a agricultura. De momento non nos está afectando, pero como isto siga así e continúe sen chover tamén teremos problemas", asegura Manuel.

Ríos e regatos completamente secos

O peor desta situación é que a seca non é exclusiva dos encoros. Un dos numerosos exemplos atopámolo na parroquia de San Xulián, no concello de Toques, onde o regato que cruza toda esta parroquia, normalmente queda seco no verán e volve no inverno. Mais este inverno pasado por primeira vez dende que os veciños lembran, non recuperou caudal. E é máis, neste mesmo concello relatan os veciños que "foron vairas as granxas que tiveron que recurrir a pozos de barrena porque non hai auga".

Recordos baixo a auga

A construción do encoro de Portodemouros a finais da década de 1960 para regular o caudal do Ulla afectou a varias aldeas da comarca do Deza, e tamén a algunhas dos concellos de Santiso e Arzúa, motivando que moita xente tivese que abandonar o seu lugar de nacemento. "Como é lóxico houbo xente que non quixo marchar e outros que, co que lles deron, emprenderon unha nova vida fóra destas terras. Por esta zona non quedou ningunha aldea soterrada así que, aínda que a necesidade os obrigase a marchar, penso que co paso do tempo foi o mellor que puideron facer. Non é como noutros lugares onde as súas casas e todo o que tiñan quedou baixo a auga".

Por idade, Manuel Pedreira non lembra o momento da construción do pantano, pero si o que supuxo para moitos tal e como relata nalgunha das súas anécdotas. "Houbo un veciño ao que ver a subida da auga trala construción da presa lle causou tal impresión que sempre lle recriminou a seu irmán, a modo de burla, que o enganase dicíndolle que a auga sempre corría cara abaixo e nunca cara arriba. Ao ver que a auga se ía acumulando e ía subindo dicíalle moitas veces: mentíchesme, ves como a auga si que sobe tamén".

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Entrevista: Xesús Ferreiro, piloto de rally e campión de Históricos

“Gañar o campionato europeo é o que nos falta e o que maior ilusión nos faría”

Con 12 anos foi a ver o seu primeiro rally e no ano ´89 participou na súa primeira carreira dentro dun campionato de terra, aínda que máis tarde se decantaría polos vehículos históricos. De aí aos éxitos: foi tres veces campión galego no rally de Históricos nos anos 1994, 1997 e 2000 e, trala creación dun campionato de Históricos a nivel nacional, campión tamén en tres ocasións: no 2007, no 2012 e no 2014. Ademais de gañar outras probas, agora, xunto ao seu copiloto Javier Anido, veñen de facerse co rally da Coruña Rías Altas. Falamos do piloto melidense Xesús Ferreiro, quen se prepara xa para o campionato europeo.



Xesús Ferreiro e Javier Anido xunto ao seu Ford Escort co que veñen de gañar o rally Rías Altas da Coruña

- Rally da Coruña Rías Altas..., á terceira foi a vencida.

- Xesús Ferreiro (X.F.): Si. Este foi o terceiro ano que se fai e nas dúas primeiras edicións non tivemos moita sorte. Na primeira falloulos o coche e na segunda sufrimos un accidente e tivemos que abandonar. Pero agora á terceira foi a vencida.

- Como foi a carreira, como se sentiron?

- X.F.: Ben, a verdade é que moi ben. Tendo en conta que andamos centrados no campionato de Europa, aproveitamos o rally Rías Altas para revisar o coche e probar as melloras que lle fixemos, e a verdade é que saíu todo redondo. Atopeime a gusto con el, funcionou perfectamente e quedamos moi contentos co resultado. Ten en conta que só saímos para comprobar as melloras e os cambios introducidos e acabamos gañando o rally así que mellor imposible.

- Tras esta vitoria cal é a seguinte meta?

- X.F.: Vendo que o coche está ben xa pensamos na próxima tempada, en participar no campionato europeo, que é o que nos falta por gañar e que nos faría moita ilusión. O campionato de Europa comeza o ano que vén coa primeira proba en marzo e contamos xa con catro carreiras cerradas que son Costa Brava, República Checa, Asturias e Bélxica. Hai que ter en conta que temos un equipo bastante modesto cun presuposto bastante axustado, así que o que facemos é ir rally a rally. Se gañamos o primeiro imos ao segundo, e se gañamos o segundo imos ao terceiro, e así paso a paso. Este ano tiñamos xa catro carreiras cerradas para facer –no europeo son oito, pero puntúan as seis mellores–, pero empezamos mal na primeira, no Costa Brava, onde tivemos que abandonar por rotura de motor; aínda así fomos á terceira, ao rally de Asturias, e tamén tivemos que abandonar. Así que por este ano paramos e o presuposto que nos quedou decidimos gardalo para o ano que vén para intentalo de novo no europeo. Se nos sae ben e gañamos as catro carreiras, pois teremos que mirar de conseguir máis presuposto para poder competir noutras dúas e acadar o título. De chegar a ese punto unha das probas xa sería en Italia e a outra en Finlandia ou Alemaña.

- É complicado competir?

- X.F.: Aquí, como en moitos casos, o problema é o financiamento. Competir nunha carreira a nivel europeo en plan humilde como imos nós, pode chegar a supoñer un desembolso de preto de 6.000 euros. Entón claro, ou tes apoio ou nada. Nós por exemplo temos un par de patrocinadores privados e tamén nos axuda algo a Deputación, o que nos dá para catro carreiras. Por iso estamos moi suxeitos a que todo saia ben. De feito aproveito para amosarlle o meu agradecemento a todos aqueles que nos axudan dunha maneira ou doutra, ben sexa economicamente ou dándonos apoio moral e botándonos unha man como é o caso de Argimiro, o mecánico.

- Pódese chegar a vivir disto?

- X.F.: Non, aínda que gañes un campionato europeo. Sempre se che abrirá algunha porta e institucionalmente terás máis apoios, pero non dá para vivir. E menos en Históricos. Outra cousa é que sexas relativamente novo e teñas a sorte de gañar un campionato nacional e algunha marca te represente. Pero en xeral non.

- Como se prepara vostede para competir?

- X.F.: Pois fisicamente tampouco precisas estar atlético ao cen por cen, pero si que debes contar cunha pequena forma física. No meu caso xa me gusta a bici, así que fago un pouco de bici e tamén algo de ximnasio onde traballo sobre todo a musculatura que precisamos, principalmente brazos e ombros. E en canto á posta a punto do coche case sempre o facemos sobre a marcha, probando e analizando os cambios en cada rally.

- Un piloto nace ou faise?

- X.F.: Eu creo que un pouco de cada. Un pouco tes que nacer e outro pouco loxicamente tes que te facer. A min dende moi neno sempre me gustou todo o que tivese rodas. E cando cheguei á idade de ter carné comecei a facer os meus “pinitos”. Despois xa vas medrando e practicando este deporte que tamén che axuda a formarte e che aporta moitas cousas. Coñeces a moita xente, viaxas moito e tamén se converte noutra forma de facer turismo. Vamos, que ao final tes que nacer algo e formarte outro pouco.

- Hai afección polos rallys en Melide?

- X.F.: Si, moita a verdade. Nós fomos os pioneiros, pero agora mesmo creo que debe de haber uns 6 ou 7 equipos competindo a través da escudería Melide MotorSport, e todos con bastante éxito por certo.

- Como ve a seguridade nos rallys?

- X.F.: O tema de seguridade cambiou bastante e mellorouse moito. Penso que antes si eramos bastante inconscientes en canto ao risco que se podía correr vendo un rally. Está claro que é un deporte de risco, e que non é como estar vendo unha partida de xadrez. Pero a partir de aí, eu creo que o primordial é o sentido común. Porque aínda que a organización o faga extraordinariamente ben é imposible ter todos os tramos completamente cubertos. Así que o que non podes facer é poñerte nun cambio de rasante ou nunha das curvas máis perigosas porque todos somos humanos, e cando imos competindo imos ao límite e en calquera momento podemos ter un erro. Pero vamos, eu creo que a día de hoxe tanto a afección como a organización están máis que concienciados e involucrados na seguridade. Á vista están os datos. Accidentes hai moitos, pero con feridos moi poucos ou case ningún. Tivemos o caso da Coruña hai uns anos con varios falecidos que foi algo doloroso e impensable, e foi moi mala sorte porque é moi complicado que pase algo así. O risco sempre existe, pero non soe ser grave.

- Que ten este deporte que tanto engancha?

- X.F.: O feito de ser competitivo por suposto. Date conta de que ás veces a diferenza entre gañar ou perder unha carreira está en dous segundos. E unido a iso vai a descarga de adrenalina, que é impresionante. E tamén o manexo do coche. A min particularmente gústame moito derrapar. De feito creo que me gustan tanto os históricos porque son coches que derrapan moi ben. Iso crea espectáculo e aos afeccionados o que lles gusta é o espectáculo.

- Algunha anécdota para rematar?

- X.F.: Moitas, pero unha das primeiras que lembro foi no primeiro rally. Non podiamos estar máis nerviosos. Conseguimos facer o primeiro tramo e xa no segundo pinchamos ao final. Así que decidimos cambiar a roda para continuar. Baixamos, abrimos o maleteiro... e non había roda! Esqueceunos meter a roda de reposto no coche.

De Melide a Ribadiso para concienciar sobre a limpeza no Camiño de Santiago



A camiñada busca sensibilizar sobre o coidado do patrimonio natural e cultural

Unha axencia de viaxes especializada no Camiño de Santiago organiza o sábado 18 de novembro unha actividade para sensibilizar sobre a necesidade de coidar o patrimonio natural e cultural, baixo o nome de *Camino Clean*.

A iniciativa consiste na realización dunha camiñada de 10 km dende Melide a Ribadiso recollendo plásticos e lixo. Trátase dunha experiencia que persegue gozar do Camiño de Santiago ao mesmo tempo que se coida o medio ambiente.

Dende a organización desta actividade sinalaron que "o Camiño de Santiago permite cada ano a miles de peregrinos poder manter un contacto directo coa natureza e a cultura, motivo polo cal é imprescindible manter limpa a súa contorna xa que constitúe un dos principais atractivos turísticos dos que dispoñemos e, que ao mesmo tempo supón unha importante fonte de ingresos para a economía galega. Por todo isto, o obxectivo principal da camiñada será o de fomentar a conservación desta ruta de peregrinación", explicaron.

A actividade comezará ás 10.30 horas en Melide no parque de San Roque, onde os coordinadores farán entrega do pack *Camino Clean*. Tralo labor de recollida, ás 14.30 horas haberá un almorzo informal en Ribadiso e un acto para clausurar a actividade con foto de familia. Ademais, para as persoas que teñan que volver a Melide haberá traslado gratuíto.

Os interesados en participar na actividade poderán anotarse a través do enderezo electrónico marketing@tee-travel.com ou no teléfono 986 565 026.

Os peregrinos xa poden coñecer Melide en nove idiomas



O Concello de Melide vén de incorporar tres linguas máis as súas guías informativas debido ao alto incremento das nacionalidades coreana, xaponesa e chinesa que visitan o muncipio. A guía ofrece unha pequena explicación sobre a historia de Melide, analiza o Camiño Francés e Primitivo e os monumentos máis importantes ao seu paso pola vila e polos concellos limítrofes. Ten tamén un pequeno apartado dedicado ás festas de Melide, á gastronomía, ao lecer e ao tempo libre e fai referencia aos comercios e mercados melidenses. Incorpora ademais un plano onde están recollidos os teléfonos de interese. Actualmente esta guía informativa estaba en activo en galego, castelán, inglés, italiano, alemán e francés. Coa suma dos idiomas xaponés, coreano e chinés, ofrécese información nun total de 9 linguas.

Récord de visitantes

O mes de outubro deixa cifras de récord en canto a visitantes que pasaron pola oficina de turismo de Melide; máis de 3.500 persoas, o que se traduce nunha media de 116 diarias. Ademais, a maior parte dos que visitaron Melide o mes pasado foron estranxeiros; un 68% sumando europeos e visitantes do resto do mundo, fronte a un pequeno descenso dos achegados nacionais cun 32%.

Os deportistas da Escola Ayude de Santiso, de éxito en éxito



O éxito non deixa de acompañar aos deportistas da Escola Ayude. Así, no I Trofeo Cidade de Marín de kickboxing Aron e Nahum Ayude fixeron valer a súa presenza chegando ao máis alto do podio, facéndose con este primeiro trofeo nas súas respectivas categorías.

Por outra banda, A Coruña acolleu o primeiro ranking galego de esgrima na categoría M17, ata onde se desprazaron os tiradores do Ayude de Santiso co obxectivo de medirse e situarse de cara ás competicións nacionais que comezan en breve. Neste caso, Marcos Villamor e Nahum Ayude, que debutaron nesta categoría, estiveron á altura pasando as primeiras fases e caendo en cuartos. Mentres, Nerea Iglesias, que tamén debutou, acabou en quinta posición. En resumo, un bo comezo de tempada.

Finalmente, destacar o feito de que a deportista Cristina Cardeiro Regueiro vén de recibir a consideración de deportista galega de alto nivel dende a Secretaría Xeral para o Deporte. Cistina, que leva anos adestrando e competindo na disciplina do kickboxing, e conseguindo medallas en todas as categorías e en diferentes probas, recibe esta distinción coma un recoñecemento a tanto esforzo e dedicación. Agora comeza a tempada co obxectivo de conseguir praza para o mundial de 2018.

O Concello de Toques organiza o seu primeiro torneo de tenis de mesa

O Concello de Toques organiza o seu primeiro torneo de tenis de mesa. Será o sábado 25 de novembro a partir das catro da tarde no polideportivo de Souto. A participación neste torneo é totalmente gratuíta e será en modalidade individual. Haberá dúas categorías, unha ata os 15 anos e outra para participantes de 16 anos ou máis.



Inscrición

Os interesados en anotarse poderán facelo chamando por teléfono ao 626 445 816 ou a través do enderezo electrónico mauro.noguerol@toques.es.

A actividade contará con diferentes premios para os gañadores, pero tamén con agasallos para todos os participantes. E é que máis alá de practicar un deporte de raqueta, a finalidade será a de gozar dunha tarde divertida coa participación de público de todas as idades.

O IES de Melide terá un club de ciencia

Ao longo deste curso 2017-2018 o IES de Melide porá en marcha un club de ciencia para fomentar o espírito científico e a curiosidade de todos os alumnos. A iniciativa consiste en catro horas ao mes, como mínimo, fóra do horario lectivo do centro, nas que os profesores propoñerán aos alumnos actividades dirixidas a resolver os seus intereses e dúbidas. A creación do club de ciencia pretende desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas que aumenten o interese dos participantes pola ciencia. O IES de Melide recibirá unha axuda de 1.200 euros por parte da Consellería de Educación para posta en marcha do club.

Coñecer o patrimonio de xeito entretido

O colexio Mestre Pastor Barral de Melide foi o encargado de inaugurar unha experiencia que dará a coñecer a todos os escolares dos tres colexios da vila, a riqueza arquitectónica e cultural a través de pequenas viaxes nun bus turístico. Desta volta, tocoulle aos rapaces e rapazas de quinto e sexto de primaria deste centro. As encargadas de achegar as explicacións ao grupo están a ser dúas técnicos de turismo que explican de xeito adaptado aos máis pequenos as claves do patrimonio. Un xeito diferente e, ao mesmo tempo, entretido de achegar o patrimonio do concello aos máis pequenos.

ACTIVIDADES E GASTRONOMÍA DO OUTONO

Magosto para todas as idades



Os cativos e cativas da gardería municipal de Melide celebraron a súa particular festa do magosto. Foi unha xornada na que a maiores de degustar as tradicionais castañas deste tempo de outono, tamén realizaron colares a modo de adorno. Do mesmo xeito, os maiores gozaron dun magosto no Cantón de San Roque. Centos de veciños e veciñas compartiron unha tarde de outono con degustación de chocolate e castañas, ademais de bailar ao ritmo dun grupo musical que amenizou a tarde. Tradición e gastronomía para todas as idades.

Curso de micoloxía



O Concello de Melide organizou un curso de micoloxía en dúas xornadas, unha o pasado domingo 29 de outubro e a outra o domingo 12 de novembro. Durante a primeira sesión do curso os participantes coñeceron de preto cales son as diferentes especies de cogomelos que existen na zona de Melide e comarca, aprendendo a clasificalas cunha pequena visita ao monte. Na segunda xornada, ademais de volver saír ao monte, dedicouse un tempo a explicar os diferentes pratos que se poden elaborar con estes cogomelos.

Lecer en Santiso



En Santiso, o domingo 19 de novembro celebrarase o día do neno no local social de Visantoña. Así, ás 17.30 horas terá lugar a actuación do Mago Román co espectáculo *Nanomaxias*. Xa ás 18.30 horas, o grupo musical infantil A Gramola Gominola actuará dentro da xira presentación do seu novo libro-cd. A maiores disto, o Concello tamén organiza unha viaxe o venres 24 de novembro á Coruña, para asistir no teatro Colón ao espectáculo musical *Hemisferios. Mulleres e voces*. O transporte e as entradas serán gratuítas e para anotarse, os interesados deberán chamar ao Concello.

A Semana da Música da Terra de Melide honra a Mingos de Pita

A vixésima oitava edición da Semana da Música da Terra de Melide encara xa a súa recta final de cara á fin de semana do 18 de novembro. Dedicada este ano a Xosé Domingos Fuciños, arrancou o pasado sábado 11 de novembro coa actuación da agrupación de música tradicional Froito Novo, da que tamén formou parte como gaiteiro Mingos de Pita. "Decidimos que tiña que ser na honra a Mingos de Pita porque é o mellor representante do que significa a música tradicional para Melide, ademais de ser unha das persoas máis queridas polo pobo", explica Inma Castro, presidenta da coral polifónica de Melide.

A semana da música é un dos acontecementos máis consolidados dentro da actividade cultural da vila. Organizada pola coral polifónica de Melide en colaboración co Concello, reúne a grupos que pertencen aos catro municipios da comarca. "É complicado organizar un evento desta magnitude pero ao mesmo tempo é gratificante porque cada ano ten máis éxito e máis repercusión".



Actuación de Froito Novo o primeiro día da Semana da Música

Nesta edición participan un total de 13 agrupacións e o cantautor convidado Miro Casabella, amigo persoal tamén do recentemente falecido Mingos de Pita. Trala actuación de grupos como Froito Novo, a coral polifónica de Sobrado, Xuntanza de Acordeonistas Terra de Melide, Pozo Pequeno, a coral polifónica de Santiso e Herba Grileira, o vindeiro venres 17 será a quenda para Vide Preto de Toques, o Grupo da Catequese e Leirabuxo.

Pola súa parte, o sábado 18 actuarán O Balado de Toques, Xoan e Irene, e Os Melidaos. A vixésimo oitava edición da Semana da Música da Terra de Melide pecharana este ano Miro Casabella e a coral polifónica de Melide o domingo 19 de novembro.





Outubro convulso

Elena Dos Santos Carballada, comunicadora audiovisual e guionista



A celeridade coa que se desenvolveron os acontecementos do mes de outubro no escenario político nacional, a raíz do proceso catalán, fixo saír á superficie imaxes que levabamos corenta anos sen ver. Cargas policiais contra persoas que o único que pretendían era votar libremente; a aplicación dun artigo da Constitución que liquida dun golpe un parlamento autonómico democraticamente elixido nas urnas; procesos xudiciais *exprés* que acaban con encarceramentos; euro-ordes de detención con argumentos débiles e delitos esaxerados; fiscais xerais do Estado que anunciaban o que ía acontecer, antes mesmo de que se producisen os feitos, o que denota a politización á que están sometidas as altas esferas do poder xudicial.

A principal causa de todos estes acontecementos: a falta de diálogo, un diálogo que, do meu punto de vista, debería ser a principal ferramenta a usar nun estado democrático. Ambas posturas políticas (por unha banda o inmobilismo do Partido Popular e, pola outra, o todo vale do goberno catalán) semellaban dous trens cargados de testosterona viaxando en sentido contrario, sen que ningún dos dous levantase o pe do acelerador, pois iso mostraría a debilidade propia. En política, non se trata de impoñer a visión propia, senón de chegar a acordos para, non se esquezan señores políticos, alcanzar o ben común, o de todos os cidadáns. A política non é un duelo de egos.

A principal consecuencia social: a polarización da cidadanía. Doe escoitar nas rúas expresións como "a por eles"; ler nos xornais titulares a unha soa columna e cunha soa palabra *"Encarcelados"*; ver unha ringleira de furgóns policiais conducindo aos políticos cesados ao cárcere. E todo iso doe porque non son sinais dunha sociedade democrática onde se respecten, xa non só os dereitos e liberdades de todos os cidadáns, senón as propias ideas. Non podemos permitir, como sociedade, este tipo de comportamentos. Unha sociedade democrática debería defender o dereito de tódolos cidadáns a decidir libremente o seu futuro e respectar as ideas contrarias, empregando o diálogo como método para acadar consensos. E os líderes políticos deberían estar á altura para cumprir o mandato que os seus cidadáns lle encomendan.

Non podemos permitir a utilización da maquinaria do Estado por parte dun goberno autoritario que só sabe facer prevalecer as súas ideas a través da imposición. Non podemos permitir agresións. Non podemos permitir que medios de comunicación públicos estean ao servizo do goberno. Non podemos permitir que se reduzan os nosos dereitos. Nunha palabra, non podemos permitir que nos avasalen. Como di a miña benquerida SES: *"que os terroristas sexan como deben ser, os que consideran un gran crime diverxer"*.

140 Aniversario da Banda de Música de Visantoña. Capítulo III: dedicado a Manuel Sánchez Balboa

Xosé Núñez López, escritor e Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Visantoña

Xa quedou dito no capítulo II como foi o final de Ramón López Soto, fundador e director da entón chamada Banda de Música de Vilar de Ferreiros. Lembremos que cando el se xubilou por idade no ano 1927, colleu a batuta o seu fillo Xaquín López Curros, quen só a dirixiu durante dous anos. Deste xeito, no ano 1928 fíxose cargo da dirección da banda Manuel Sánchez Balboa.

Ramón Sánchez, pai de Sánchez Balboa, foi tamén integrante da banda de gaitas de Casanova de Vilar de Ferreiros no ano l877, e decidiu aceptar a invitación do fundador da banda de música, estudar solfexo e ser membro cofundador da mesma. Grazas a iso, o seu fillo Manuel Sánchez Balboa –a quen se refire este artigo–, resultou fillo dun músico, pai de músicos, avó e bisavó de músicos e polo tanto, orixe da grande saga de músicos que continúan exercendo a arte musical.

de 45 membros, cifra que nunca máis foi superada ata hoxe.

Dende o principio do seu cometido como director, Manuel Sánchez Balboa pasou por intres moi complicados, debido a que case a metade dos músicos eran veciños da parroquia de San Román, e como comezaron a amosar descontento por ter que vir a ensaiar dende aló á casa do director, Sánchez Balboa que non desexaba unha escisión da banda (porque ademais de minguar o grupo os de San Román eran bos músicos), intentou poñérllelo algo máis fácil fixando o local de ensaio no baixo dunha casa chamada *do Portugués*. Unha casa que se atopaba case na metade do camiño entre San Román e Vilar de Ferreiros.

Pero como parece ser que os de San Román xa tiñan tomada a determinación de separarse da banda de Vilar de Ferreiros para formar unha



Manuel Sánchez Balboa dirixiu a banda popular de música con moita sabedoría, non só musical, senón tamén de saber manter a unidade e a ilusión dos compoñentes da mesma, xa que debeu pasar por moitas vicisitudes durante as dúas etapas como director. A primeira foi ata mediados do mes de xullo de 1936, data na que comeza a Guerra Civil e motivo polo que quedaron suprimidas todas as festas ata finais da contenda o primeiro de abril de 1939.

Esta interrupción de tres anos foi un contratempo de tal magnitude para as bandas populares de música, que supuxo a desaparición definitiva para moitas delas, ben porque algúns dos seus membros morreron na guerra, ben porque outros escolleron continuar no exército por ter acadado algún ascenso, ou por ingresar nalgún dos corpos da Garda Civil ou da Policía; sendo así que algúns directores non se viron con ánimos suficientes para volver a organizalas.

Por sorte, Manuel Sánchez Balboa soubo manter viva a ilusión e unión dos "seus" músicos da etapa anterior, ata o punto de que ao comezar a tempada tiña arranxada unha banda de música que tocou dende o principio ata o final dese verán, acadando o número propia, a primeiros do ano 1933 naceu a nova banda de música de San Román, bautizada co nome de Banda Filharmónica de San Román, e elixindo como director da mesma a Xosé Sánchez García, coñecido polo alcume de "Xoseíño". Esta nova banda só tivo unha existencia de dous anos e medio, ou sexa, ata mediados de xullo de 1936 cando comezou a Guerra Civil española, e ao finalizar no ano 1939,"Xoseíño" non foi capaz de volver a organizala. Deste xeito, tanto el coma os demais músicos de San Román volveron a unirse á de Vilar de Ferreiros que seguía dirixindo Manuel Sánchez Balboa.

Manuel Sánchez Balboa deixou a dirección da Banda de Música de Vilar de Ferreiros por xubilación a primeiros do ano 1946 e, durante todo ese ano colleu a batuta "Xoseíño", quen seguía sendo veciño de San Román. Neste espazo de tempo viñeron algúns músicos de fóra para facerse cargo da dirección da mesma, pero con ningún puido chegarse a acordo para que continuase. Foi entón cando a comezos do ano 1947 colleu a batuta da mesma Xosé López Bermúdez, neto por vía paterna do fundador da banda, de cuxa historia daremos conta noutro capítulo.

SATURNO FERNÁNDEZ E DORA ROSA, PARRILLADA O CARBURO

“Máis de 30 anos dan para moitas anécdotas, pero o mellor é que somos como unha familia”

Parrillada O Carburo é un deses establecementos clásicos onde os haxa. Son xa máis de 30 anos coas portas abertas atendendo aos clientes de sempre, clientes que ademais de veciños xa son como da familia. Recentemente veñen de reformar o exterior das instalacións coa creación dun espazo que inclúe un “merendeiro” e unha fonte. Pero como tradición e innovación son compatibles, a súa cociña segue elaborando, por encargo, algúns dos pratos máis típicos da nosa gastronomía, como son o cocido, o churrasco ou o polo asado; ao mesmo tempo que organizan diferentes festas ao longo do ano.



Fonte e “merendeiro” trala reforma. Arriba á dereita, entrada ao establecemento

“Ao longo do ano organizamos tres festas: a da Castaña, o San Xoán e a Festa da Amizade”

“Damos comidas por encargo e entre as nosas especialidades están o cocido, o polo asado e o churrasco”

- Dicir Parrillada O Carburo é sinónimo de case toda unha vida. Cóntennos como botou a andar?

- Saturno Fernández e Dora Rosa (S.F/D.R.): A verdade é que si. De feito, no seu día dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide xa nos deron un libro no que se recoñecía a antigüidade do establecemento. E botou a andar hai máis de 30 anos; non era un negocio familiar, senón que meus pais compraron esa casa, e cando eu tiña 14 ou 15 anos, xunto con amigos e compañeiros iamonos para alí a pasar o tempo. Despois diso decidín abrila como taberna por diversión e pouco a pouco xa se foi consolidando ata o que é hoxe en día.

- De onde lle vén o nome de Carburo?

- S.F.: Pois un día deses nos que nos xuntabamos alí de rapaces, a alguén se lle ocorreu escribir nunha das paredes con xiz a palabra carburo. E xa lle quedou. Non sei, gustoume a idea e cando despois abrín o bar púxenllo tamén de nome. E de feito, hoxe en día coñécenme máis polo nome de Carburo que polo meu propio. Ninguén me chama Saturno.

- Que servizos ofrece o seu establecemento?

- S.F.: Á parte dos servizos propios de cafetería e bar, tamén damos comidas, pero sempre por encargo. Xa logo na propia parrillada temos pratos combinados. Iso si, nesta época do ano, outono-inverno, pechamos os luns.

- E, algunha especialidade?

- S.F.: Si. As nosas especialidades son o cocido, comidas de caza, o polo asado, e o churrasco; e como xa dixen, sempre por encargo claro.

- En tantos anos, cambiou a súa clientela?

- S.F.: Os clientes seguen sendo os mesmos, só que están pasando máis peregrinos e tamén temos máis xuventude, cousa que antes non. Pero si, empezamos a notar que hai máis mocidade, e mesmo cando remata a “movida” en Melide, se pola mañá á volta está a parrillada aberta, aínda paran a tomar algo. Polo demais, temos xente de todos os lados, de Toques, de Melide, os propios veciños da aldea e por suposto peregrinos tanto de España como de fóra, sobre todo polacos, ingleses e italianos.

- Teño entendido que veñen de facer reformas.

- S.F.: Si. Fixemos un “merendeiro” fóra para o verán que tamén conta cunha fonte onde moitas veces os peregrinos paran a descansar metendo os pes a remollo. E tamén contamos cunha extensa zona na que todos os que o desexen poden facer e celebrar comidas. É dicir, non é necesario que coman no bar, senón que poden traer a súa comida e facela nesa zona que temos acondicionada. Nós poñemos a finca a disposición da xente para que poidan facer churrasco ou o que queiran e tamén gozen do lugar. É un sitio marabilloso para o verán onde ademais poden xogar os nenos sen ningún perigo de coches.

- É tan sacrificada a hostalería como se di?

- S.F.: A ver, este traballo, ao igual que todos, ten que gustarche. Polo demais, xa sabemos que hai que dedicarlle moitas horas. Pero ten cousas moi boas como o trato coas persoas, estar cos veciños e co resto da xente, que che conten as súas anécdotas, etc.

- E supoño que anécdotas moitas.

- S.F.: Tantas en tantos anos que xa non te lembras delas. O que si, despois de tanto tempo somos como unha familia no centro da aldea onde se reúnen os veciños, e como todo o mundo sabe que alí sempre hai alguén, en ocasións cando un veciño ten unha vaca a punto de dar a luz veñen a buscar axuda ao bar para o parto, porque saben que alí sempre hai xente. E é que nas aldeas xa se sabe o que pasa, cada vez somos menos. Por poñerche un exemplo, hai catro anos eramos 72 casas con xente, e agora, o ano pasado a comisión de festas contabilizou 52.

- Tendo en conta iso, realizan algunha actividade para xuntarse ao longo do ano?

- S.F.: Facemos varias festas, en concreto tres ao ano. Agora mesmo vimos de celebrar a Festa da Castaña o pasado día de Santos. Xuntamos a veciños, clientes e non clientes, e a todo aquel que quere asistir e servimos castañas e viño gratis para todo o mundo. É unha festa con moita tradición que comezamos organizando entre catro amigos e que agora xa levamos celebrando dende hai máis de vinte anos. E hai máis de vinte anos tamén que organizamos a festa do San Xoán. Neste caso comezamos 10 ou 12 veciños e agora vén xente incluso de Lugo. Xa non é unha festa da aldea, é unha festa de todo o mundo.

- D.R.: Bueno, e tamén organizamos a Festa da Amizade no mes de agosto despois do San Roque. Sempre pensamos que a xente na aldea xúntase poucas veces para pasar o tempo e falar, así que xunto con unhas amigas –Josefa e Teresa- decidímonos a crear a Festa da Amizade. Agora xa levamos preto de sete anos celebrándoa e para o xantar chegamos a reunir a máis de cen persoas.

Parrillada O Carburo

Tlf: 981 50 49 07

Villamor - Toques

CentroComercialAberto

CCA
Melide

ASETEM

Promoción e potenciación do comercio local ~ Asesoría xurídica, fiscal e laboral ~ Convenios con garantías ~ Información e tramitación de axudas ~ Oferta formativa ~ Feiras, eventos e campañas ~ Organismo acreditado ~ Un espazo de comunicación ~ Cesión gratuíta do local

Aínda non lle ves as vantaxes ?

Asóciate!!